



#MQVS

Mulleres que viven soas



O PROXECTO

No ano 2019, Paula Carballeira realizou unha sesión especial para o Maratón de Cuentos de Guadalajara, pois o tema dese ano eran as bruxas.

A narradora galega intentou fuxir dos tópicos, consciente de que, en realidade, as mulleres que viven soas sempre foron sospeitosas. Sospeitosas de amargura, de escuridade, de intencións ocultas. As mulleres que viven soas son bruxas. E, xa se sabe, as bruxas, coa súa falta de pudor e de límites, coa súa teima de liberdade e de coñecemento, asustan.

Aquel espectáculo xirou por diversos festivais e, en moitas ocasións, acontecía que mulleres do público se achegaban a Carballeira para contarlle as súas experiencias vivindo soas.

Por iso, no ano 2023, Berrobambán decidiu producir unha serie de dez cápsulas sonoras con entrevistas a dez mulleres que viven soas e recoller diversas experiencias en canto a xeración e percorrido vital. Hai quen leva máis de trinta anos vivindo soa e hai quen leva pouco tempo. Hai quen o tivo sempre moi claro e hai a quen lle custou tomar esa decisión.

Agora propomos un novo espectáculo teatral no que plasmar estas dúas experiencias e que estaremos en outono do 2024. Unha peza na que historias de ficción se mesturan coas testemuñas reais das mulleres que participaron nas entrevistas.

Un xeito de trazar unha liña que una o medo atávico ás mulleres independentes e as dificultades que estas senten no transcurso do seu camiño.



O ESPECTÁCULO

#MQVS está protagonizada por tres mulleres, as Tres Bruxas que profetizan o ascenso de Macbeth ao trono na peza de Shakespeare. Tres bruxas que encarnan os males deste mundo e que nos serven de referencia para rimos da diferenza entre como nos ven (ou nos contan) e como nos sentimos nós dentro das nosas casas.

#MQVS é espectáculo híbrido entre o teatro documental, a standup comedy e o teatro isabelino interpretado por tres das contadoras de historias máis relevantes do país: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo. Tres mulleres excepcionais para dar voz e corpo a historias reais e personaxes femininas de ficción.





PAULA CARBALLEIRA

Recoñecida actriz, narradora e dramaturga. Como actriz participou en varias series da TVG e colabora como dramaturga con compañías como Chévere, A Panadaría ou Culturactiva. Vén de ser recoñecida co Premio Nacional de Literatura Dramática 2023 pola súa peza "As Alumnas".



MARÍA DA PONTRAGHA

Educadora e antropóloga, ás veces conta historias. Sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música como a través da propia palabra. Como contadora, trata de dar continuidade á nosa herdanza cultural e lingüística para que sigan aflorando nas xeracións vindeiras.



VERO RILO

Leva participado nun feixe de proxectos fóra e dentro do país. Destaca Daboapipa, co acordeonista Santi Prieto. Pouco despois chega Historias de vida, guerra, amor e case morte, Lavadeiras, Rilo&Penadique, Divas de diván, ou Apatacón con Faia Díaz, vocalista de De Vacas.

EQUIPO ARTÍSTICO

Chiqui Pereira | Dirección

Graduado en dirección pola ESAD Galicia, compatibiliza a súa actividade de director artístico en Berrobambán, coa dirección de espectáculos doutras compañías.

Nuria Sanz | Dirección

Inesquecible Colombina na mítica peza de Ollomol, incorporouse recentemente ao mundo da dirección, #MQVS, supón un paso máis neste novo camiño dunha das mellores cómicas do país.

Montse Piñeiro | Escenografía

Graduada pola ESAD Galicia adícase ao campo das artes visuais e da ilustración, ten especial interese por experimentar as posibilidades da interacción entre a luz e o espazo.

Xiana Arias. | Podcast

Como xornalista traballou durante anos no Diario Cultural, ten participado en proxectos musicais como Atrás Tigre ou, na actualidade, Clo-plas. Foi a responsable da serie podcast.



www.berrobamban.com
info@berrobamban.com
+34 695 929 262

SÍGUENOS



Mudamos temporalmente o noso logo como xeito de mostrar a nosa disconformidade coa realidade que esquece a importancia das vidas das persoas, que teima en permitir un xenocidio. Mudamos temporalmente o noso logo como xeito de apoio ao pobo palestino. Somos artistas Pro-. Pro-dereitos humanos. Pro-cese da guerra. Pro-recoñecemento dun Estado Palestino.